

RESERVA DE PRAZAS PARA AS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS CURSO 2025/2026

PRAZO: DO 9 DE XUÑO AO 2 DE XULLO

No Pavillón da Xunqueira (**presencialmente**)
para alumnado matriculado no mes de xuño

O alumnado de **Fene** poderá realizar a súa reserva entre o **9 e o 20 de xuño**.

O alumnado de **fóra de Fene** e de Fene poderá realizar a súa reserva do **23 de xuño ao 2 de xullo**.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

- DE LUNS A VENRES 08:30 A 14:00 H.
- MÉRCORES DO MES DE XUÑO.- 16:00 A 19:00 H.

RESERVA DE PRAZAS PARA AS ESCOLAS CULTURAIS, DEPORTIVAS DA PISCINA, PAVILLÓNS, KÁRATE E JUDO CURSO 25/26.

Documentación a presentar

- Carné de usuario/a
- Para quen desexe domiciliar o pagamento trimestral, achegar un recibo do banco co IBAN e os 20 díxitos da conta.

NORMATIVA XERAL

Todo o alumnado matriculado no mes de maio (escolas Culturais) ou xuño (Deportivas) **que non teña cotas pendentes de pagamento deste curso ou cursos anteriores**, poderá facela reserva de praza na escola na que estaba matriculado no mesmo grupo e no mesmo horario no que estiveron durante o presente curso, agás aqueles que por idade ou por nivel cambien de grupo, neste caso terá que escoller novo horario.

As persoas que o desexen poderán facer a reserva de tódalas persoas integrantes da súa unidade familiar (*sempre que sexan alumnado de escolas culturais mes de maio ou deportivas durante o mes de xuño*) e de dúas persoas alleas á mesma (*sempre e cando estas dúas persoas non vaian a domiciliar o pagamento, xa que para domiciliar é preciso que asine o titular da conta*).

Finalizado o prazo de reservas se non se formalizou a reserva, esas prazas quedarán libres para cambios solicitados no período de reserva, ou para novas altas no período de matriculación no mes de setembro.

PAGAMENTO DE COTAS

RENOVACIÓN MENSUAL: Os/As usuarios/as que opten por esta modalidade de pagamento terán que pagar a cota correspondente ao mes de outubro do 13 ao 26 de setembro. Deberán retirar o recibo no pavillón A Xunqueira nas mencionadas datas.

DOMICILIACIÓN BANCARIA: Para domiciliar o pagamento, que será trimestral, haberá que cubrir a orde de domiciliación bancaria, o que implicará a matriculación na actividade para o curso 25/26. No caso de tramitar a baixa terán que facelo antes do comezo do curso, o 1 de outubro.

CATEGORÍAS POR ANOS DE NACEMENTO NAS ESCOLAS DA PISCINA CURSO 25/26

ANOS NACEMENTO							
Natación de bebés	2025	2024	2023				
Natción 1ª infancia	2022	2021	2020				
Iniciación infantil e perf. infantil	2019	2018	2017	2016	2015	2014	2013
Perf. Xuvenil	2012	2011	2010	2009	2008		
Adulto	2007	a	1961				
3ª idade	1960	e	antes				